| **Actividades** | • Estudo dos movementos artísticos e a súa relación coa elaboración de produtos vencellados ás industrias do mar: arquitectura, escultura, fotografía, deseño e publicidade.<br>• Visitas a institucións garantes do legado industrial do mar, por exemplo os museo Massó, Museo Anfaco, Museo da salazón do Grove, Museo do mar, etc...<br>• Charlas de profesionais no centro.<br>• Traballos colaborativos. Cada grupo de alumnado desenvolverá un tema vencellado, fundamentalmente á difusión da imaxe das industrias do mar: cartelería, tipografía, deseño gráfico, packaging, proxección da muller, etc...<br>• Os traballos anteriores expoñeranse na clase para coñecemento de todo o grupo e cara ao final de curso realizarase unha instalación no vestíbulo do centro co material obxecto do estudio | | |

## 21. Contratos-Programa.

| Liña de actuación: 1.a Mellora das competencias, matemática | |
|---|---|
| **Descrición do programa** | Mellora das competencias Matemática. |
| **Obxectivos** | i. Achegar as matemáticas ao alumando dunha forma lúdica para que podan encontrar conexións entre esta área do coñecemento e a vida real.<br>ii. Mellorar as competencias clave e de xeito particular a competencia matemática a través da aprendizaxe baseada en proxectos.<br>iii. Contribuír ao desenvolvemento da creatividade do alumnado a través de creacións artísticas.<br>iv. Fomentar a motivación e o interese dos estudantes polas matemáticas a través do xogo. |

| Liña de actuación: 1.a Mellora das competencias, matemática | | | |
|---|---|---|---|
| | v. Mellorar o gusto polas matemáticas e da percepción do papel desempeñado na arte científico-militar e comprender a importancia de obxectos na astronomía xunto con navegación e instrumentos de topografía asumidos a Armada Española. | | |
| **Cursos implicados** | 3º ESO PMAR e alumnado de 3º ESO de Matemáticas aplicadas. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | • Porcentaxe de aprobados na avaliación final en matemáticas. O 50%<br>• Porcentaxe de mellora dos resultados obtidos na competencia matemática respecto da 1ª avaliación. O 50% | | |
| **Responsables** | Padín Vidal, Esther | | |
| **Actividades** | • Sesións na aula alternando docencia con actividades de matemáticas manipuladoras e traballo colaborador.<br>• Sesións no Espazo Maker para obter os produtos finais.<br>• Exposicións na semana da ciencia do centro.<br>• Participación en feiras científicas (na actualidade de forma telemática, debido ás medidas de prevención e hixiene provocadas polo COVID-19) | | |

| Liña de actuación: 1.b Mellora das competencias, lingüística | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Mellora das competencias lingüística. | | |
| **Obxectivos** | i. Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos, pronunciando con corrección, claridade e expresividade.<br>ii. Identificar e manexar fontes documentais, seleccionando as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz.<br>iii. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva, memorizándoo e deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.<br>iv. Emprego das novas tecnoloxías con fins informativos e culturais e o respecto polas ideas dos demais, fomentando o traballo en equipo e a convivencia.<br>v. Promover o pensamento crítico e analítico sobre temas de actualidade, evitar os estereotipos da mocidade e fomentar a diversidade de opinións e a tolerancia. | | |
| **Cursos implicados** | O 100% de alumnado. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | • Porcentaxe de mellora dos resultados en lingua castelá e lingua galega respecto da 1ª avaliación. O 30%<br>• Porcentaxe de aprobados na avaliación final de lingua castelá e lingua galega. O 50% | | |
| **Responsables** | Ogando Fernández, Delfín Benito | | |
| **Actividades** | • Achegamento teórico e práctico sobre as tipoloxías textuais argumentativas e persuasivas nas áreas de Lingua galega e literatura e Lingua castelá e literatura. | | |

| Liña de actuación: 1.b Mellora das competencias, lingüística | |
|---|---|
| | • Elaboración de discursos argumentativos e persuasivos tanto en lingua galega como en lingua castelá seguindo a metodoloxía ARE (afirmación, razoamento, evidencia).<br>• Uso das novas tecnoloxías con fins informativos e culturais e o respecto polas ideas dos demais.<br>• Práctica nas aulas de defensa de puntos de vista diferentes sobre eventos ou noticias relacionadas coa mocidade.<br>• Celebración de debates entre diferentes cursos no propio centro.<br>• Participación en diversos debates académicos:<br>o “Club de debate”, organizado por concellos da bisbarra.<br>o Torneo de Debate Académico de Galicia (TDAG) levado a cabo pola Fundación Barrié coa colaboración de TALKK, Escuela de Oratoria e Debate.<br>o Torneo de debate “Parlamento Xove”, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia. |

| Liña de actuación: 1.c Mellora das competencias, ciencia e tecnoloxía | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Mellora das competencia en Ciencia e tecnoloxía. | | |
| **Obxectivos** | i. Familiarizarse no uso do material cerámico, arxila e esmaltes. Modelar a arxila<br>ii. Coñecer as medidas de seguridade e hixiene relativas a traballar co material cerámico, no laboratorio e no obradoiro.<br>iii. Planificación de tarefas para utilizar os espazos de Talleres e Laboratorio axeitadamente, aprendendo a clasificar os resultados para facilitar o posterior traballo de selección e montaxe de pezas ao mesmo tempo que desenvolver a colaboración e o traballo en equipo con actitude madura e solidaria.<br>iv. Investigar no laboratorio de química a formulación de esmaltes de baixa 450ºC e media temperatura 900ºC sobre probetas planas de arxila, utilizando a monococción e a bicocción en atmosfera oxidante.<br>v. Realizar un Mural Cerámico para colocalo sobre unha parede valeira do centro, coas formulacións esteticamente máis axeitadas cocidas sobre as probetas planas e/ou tamén volumétricas, servindo para a creación de imaxes, comunicación de ideas e servindo de vehículo a emocións e inventiva | | |
| **Cursos implicados** | 4 grupos de 1º da ESO, 4 grupos de 2º da ESO e 4 grupos de 3º da ESO. | | |
| **Temporalización** | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | • Porcentaxe de aprobados na avaliación final nas materias relacionadas con estas competencias. O 70%.<br>• Porcentaxe de mellora dos resultados nas competencias básicas en ciencia e tecnoloxía respecto da 1ª avaliación. O 50%. | | |
| **Responsables** | Casal Dorado, José María | | |

| Liña de actuación: 1.c Mellora das competencias, ciencia e tecnoloxía | |
|---|---|
| **Actividades** | • Fabricar na aula de tecnoloxía e polo propio alumnado, algúns instrumentos e mobiliario necesario para almacenar os útiles, materias primas e probetas obtidas antes e despois das coccións.<br>• Habilitar dous espazos na aula de artes plásticas e visuais e no laboratorio do centro para proporcionarlle o alumnado as condicións necesarias para desenvolver:<br>o a práctica de obradoiro: mesas para finalizar o traballo, superficie para por os traballos a secar. Establécense 3 espazos diferenciados na sala:<br>▯ 1. Mesa ou espazo para modelar e formar a arxila.<br>▯ 2. Mesa ou espazo para pintar as placas xa cocidas.<br>▯ 3. Mesa para rematar o traballo despois da cocción.<br>• A práctica de laboratorio, “zona limpa” para a formulación, medición, pesaxe e mestura dos materiais en polvo, así como para a súa aplicación nas probetas secas.<br>• Rexistro fotográfico e audiovisual das prácticas en Laboratorio e Taller.<br>• Fundamentar as sesións formativas en prácticas de 50 minutos, impartidas sempre de forma dinámica e lúdica, que estarán deseñadas para mellorar as capacidades e actitudes do alumnado nos diferentes bloques de contidos curriculares do primeiro ciclo de ESO nas áreas de química, física, matemáticas, tecnoloxía e plástica, así como para lograr melloras das competencias de planificación e organización, conscientes da importancia do desenvolvemento dos hábitos adecuados de xestión do tempo e dos resultados nas prácticas de obradoiro e laboratorio. Uso da balanza electrónica, calculadora, disolucións, fabricacións de placas de arxila e control da deformación durante o proceso de secado. Coccións a diferentes temperaturas e recollida escrita dos resultados descubertos, usaremos unhas libretas para tomar anotacións dos materiais e cantidades utilizadas, temperaturas de cocción e observacións dos resultados. |

| Liña de actuación: 2. Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar. | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar. | | |
| **Obxectivos** | I. Favorecer a normalización educativa e a permanencia académica do alumnado participante.<br>II. Paliar a situación de exclusión social derivada da non titulación do alumnado a quen vai dirixido o programa. | | |
| **Cursos implicados** | 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | • Porcentaxe de redución da taxa de abandono escolar respecto do curso anterior. o 10%<br>• Porcentaxe de redución do nº de faltas de asistencia e de puntualidade sen xustificar. o 10%<br>o A valoración dos produtos elaborados polo alumnado e publicados na súa presentación. A utilización das rúbricas de avaliación. | | |

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal
www.iesaxunqueira2.com


| Liña de actuación: 2. Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar. | |
|---|---|
| | o Completar a enquisa dixital de avaliación do programa que se facilitará ao final do mesmo.<br>o Seguimento dos resultados académicos do proceso de aprendizaxe |
| **Responsables** | Malvar Méndez, Mª Laura (do dep. de Orientación) |
| **Actividades** | • Coñecer ao alumnado: a súa situación social e familiar, as súas capacidades e o seu interese polo futuro.<br>• Establecer mecanismos de relación e comunicación coas familias.<br>• Educar en valores de convivencia e cooperación.<br>• Potenciar a empatía, tolerancia á frustración e habilidades sociais do alumnado.<br>• Contactar con asociacións, servizos sociais do Concello para coñecer e aproveitar as actuacións que estas desenvolven dirixidas a este perfil de alumnado.<br>• Motivar a participación do alumnado a través das súas perspectivas de futuro "Eu de maior quero ser...", o mundo das profesións como fío condutor das accións educativas a desenvolver.<br>• Elaboración dunha presentación que funcione como carpeta de aprendizaxe e como soporte para a realización de diferentes tarefas escritas de apoio á lectura e de achegamento ao emprego das novas ferramentas e tecnoloxías. |

| Liña de actuación: 3. IGUÁLA-T | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | IGUÁLA-T. | | |
| **Obxectivos** | Obxectivo xeral:<br>1. Impulsar un proxecto coeducativo dende os principios e valores de igualdade, cooperación e respecto entre as alumnas e os alumnos, e dende a visibilización dos referentes femininos.<br>Obxectivos específicos:<br>1. Recoñecer e rexeitar os comportamentos machistas e sexistas e todas as formas de agresión nas relacións humanas; comprometerse cos valores colaborativos, altruistas e pacíficos.<br>2. Estimular ao alumnado a ser protagonistas na formulación e desenvolvemento de propostas coeducativas, e impulsar unha maior presenza das alumnas no ámbito escolar.<br>3. Incorporar elementos e coñecementos da historia e da cultura das mulleres. | | |
| **Cursos implicados** | O 100% de alumnado. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | • Número de accións encamiñadas á prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia. o 2.<br>• Número de actividades desenvolvidas para a prevención e abordaxe da violencia de xénero. o 6.<br>• Número de actividades desenvolvidas para a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. o 7. | | |


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 2021

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal
www.iesaxunqueira2.com


| Liña de actuación: 3. IGUÁLA-T | |
|---|---|
| | • Número de actividades desenvolvidas para a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual. 2.<br>• Porcentaxe de incremento da participación do alumnado no programa. o 10%<br>• Porcentaxe de participación de alumnas nesta actuación. o 50%<br>• Porcentaxe de participación de alumnos nesta actuación. o 50%<br>• Porcentaxe de participación de docentes (homes) nesta actuación. o 50%<br>• Porcentaxe de participación de docentes (mulleres) nesta actuación. o 50% |
| **Responsables** | Abilleira Fernández, Mª del Mar (do dep. de Xeografía e historia) |
| **Actividades** | • Accións para sensibilizar ao alumnado no desenvolvemento desta proposta coeducadora, partindo da constitución dun equipo de traballo supervisado pola profesora coordinadora.<br>• Actividades de análise dos axentes de socialización do alumnado (familias, centro, grupos de iguais, medios de comunicación), para coñecer o grao de pervivencia de estruturas patriarcais, do machismo, do sexismo e da violencia de xénero.<br>• Actividades de análise de materiais didácticos (libros de texto, etc.) dende a perspectiva de coeducación (visibilización das mulleres, linguaxe inclusiva, etc.).<br>• Actividades coeducativas de expertas/os, dende a proposta e a acción do equipo de traballo. |

| Liña de actuación: 4. CON-VIVE | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | CON-VIVE. | | |
| **Obxectivos** | I. Promover os principais aspectos da convivencia como son o respecto, o diálogo e a comunicación.<br>II. Proporcionar apoio a o alumnado na resolución de conflitos.<br>III. Detectar problemas relacionados coa convivencia e o respecto a os demais a través da creación de grupos de compañeiros que a súa vez poidan aportar solución ou indicar as vías de solución axeitadas.<br>IV. Impulsar a formación dun grupo de alumnos e alumnas capaces de actuar como mediadores entre os compañeiros que poidan ter problemas de convivencia.<br>V. Promover a igualdade de xénero. | | |
| **Cursos implicados** | 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | • Número de accións encamiñadas á mellora da Intelixencia Emocional a nivel de centro. o 10.<br>• Porcentaxe de aumento do nº de casos resoltos pola vía da mediación. o 15%<br>• Porcentaxe de incremento da participación do alumnado no programa de mediación escolar. o10% | | |


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 2021

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal
www.iesaxunqueira2.com


| Liña de actuación: 4. CON-VIVE | |
|---|---|
| | • Porcentaxe de redución da apertura do nº de expedientes. o 50%<br>• Porcentaxe de redución das faltas de orde, apercibimentos e sancións. o 50% |
| **Responsables** | Malvar Méndez, Mª Laura (do dep. de Orientación) |
| **Actividades** | • Desenvolvemento do programa de titorización. Este programa baséase na titorización entre iguais, no que o alumnado de 3º ESO titoriza de forma voluntaria a alumnado de 1º ESO co fin de facilitar a súa integración no centro e darlle unha vía de resolución de conflitos preta a eles. Baséase en.<br>• Actividades para desenvolver nas titorías nas que se traballa a autoestima, a inclusión e o autocoñecemento; de cohesión, nas que o alumnado dos dous cursos interactúan; de avaliación nas que se busca observar o grado de interacción obtido polos alumnos.<br>• Por en marcha un grupo de alumnado mediador na resolución de conflitos.<br>• Impulsar a formación do grupo de mediadores para o presente curso escolar e promover a formación de novo alumnado capaz de actuar como mediadores entre as/os compañeiras/os que poidan ter problemas de convivencia.<br>• Promover a sensibilización do alumnado ante os problemas derivados da desigualdade de xénero |

| Liña de actuación: 5. INCLÚE-T | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | INCLÚE-T. | | |
| **Obxectivos** | i. Promover os principais aspectos da convivencia como son o respecto, o diálogo, a comunicación e inclusión de todo o alumnado do centro.<br>ii. Proporcionar apoio a o alumnado na resolución de conflitos e a integración persoal e social no propio centro educativo.<br>iii. Detectar problemas relacionados coa convivencia e o respecto a os demais a través da creación de grupos de compañeiros que a súa vez poidan aportar solución ou indicar as vías de solución axeitadas.<br>iv. Impulsar a formación dun grupo de alumnos e alumnas capaces de actuar como dinamizadores promovendo a inclusión do alumnado con dificultades específicas.<br>v. Promover a integración e inclusión completa do alumnado NEE. | | |
| **Cursos implicados** | 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. | | |
| **Temporalización** | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | • Número de accións conxuntas no marco da inclusión con outros centros educativos. o 3.<br>• Número de accións e/ou iniciativas encamiñadas á modificación dos proxectos de centro, de cara ao aumento da cultura inclusiva nestes. o 3.<br>• Número de actividades específicas de sensibilización coa diversidade funcional e coa inclusión. o 3. | | |


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 2021

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal
www.iesaxunqueira2.com


| Liña de actuación: 5. INCLÚE-T | |
|---|---|
| | • Número de protocolos e procedementos realizados e/ou renovados (ex. demanda intervención psicopedagóxica, modelo de realización de AC...). o 3.<br>• Porcentaxe de aumento da cohesión social e educativa no centro. o 25%<br>• Porcentaxe d de aumento da implicación das familias nas accións educativas relacionadas nesta temática. o 10% |
| **Responsables** | Domínguez Martínez, Mª Mercedes (do dep. de Orientación) |
| **Actividades** | • Accións para desenvolver unha mirada positiva cara á diversidade.<br>• Accións para desenvolver o respecto cara ás diferentes traxectorias escolares.<br>• Accións para desenvolve r que todos sumamos na realización das tarefas en equipo.<br>• Accións para potenciar a interrelación entre o alumnado.<br>• Accións integradoras cara ao alumnado extranxeiro en xeral. |

| Liña de actuación: 6. EDUEMOCIONA | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | **EDUEMOCIONA**. | | |
| **Obxectivos** | i. Promover a educación emocional do alumando<br>ii. Adquirir un maior coñecemento das propias emocións e identificar mellor as dos demais.<br>iii. Desenvolver a capacidade de regular as túas propias emocións.<br>iv. Previr os efectos nocivos das emocións negativas e desenvolver a capacidade de xerar emocións positivas e sinerxías positivas.<br>v. Aprender a xestionar os conflitos dun xeito positivo. | | |
| **Cursos implicados** | 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | • Número de accións encamiñadas á implicación do profesorado na formación en educación emocional. 5.<br>• Número de accións encamiñadas á mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa. 5.<br>• Número de accións encamiñadas á mellora da intelixencia emocional a nivel de centro. 5.<br>• Porcentaxe de incremento do benestar emocional, persoal e social do alumnado. O 25%. | | |
| **Responsables** | Malvar Méndez, Mª Laura (do dep. de Orientación) | | |
| **Actividades** | • Analizar as necesidades do alumnado en torno a educación emocional.<br>• Potenciar os elementos básicos da educación emocional: conciencia de si mesmo, autoestima, xestión de emocións e autorregulación. relacións sociais e resolución positiva de conflitos.<br>• Impulsar o desenvolvemento de accións que permitan coñecer mellor as propias emocións. | | |


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 2021

| Liña de actuación: 6. EDUEMOCIONA | |
|---|---|
| | • Poñer en marcha actividades para o desenvolvemento das habilidades sociais.<br>• Promover a sensibilización do alumnado sobre a necesidade dunha idónea educación emocional. |

| Liña de actuación: 7. Mellora do nivel de coñecemento para acadar a excelencia. | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Semana da Música e SEMGal. | | |
| **Obxectivos** | i. Promover o máximo desenvolvemento das potencialidades e intereses do alumnado.<br>ii. Concienciar e involucrar ao alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe.<br>iii. Desenvolver unha aprendizaxe cooperativa e inclusiva.<br>iv. Proporcionar unha contorna onde desenvolver a creatividade.<br>v. Colaborar no desenvolvemento emocional do alumnado. | | |
| **Cursos implicados** | O 100% de alumnado. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | • Porcentaxe de alumnos/as que seleccionan as materias optativas relacionadas coa actuación. o 25%<br>• Porcentaxe de aumento da participación en premios relacionados coa excelencia. o 25%<br>• Porcentaxe de aumento da titulación do Bacharelato Internacional polo alumnado implicado. o –<br>• Porcentaxe de aumento das cualificacións obtidas nas ABAU respecto do ano anterior. o 20%<br>• Porcentaxe de aumento do alumnado participante doutros centros educativos. o 15%<br>• Porcentaxe de incremento da participación do alumnado nesta actuación respecto do curso anterior (se o tiver). o 10%<br>• Porcentaxe de mellora da media académica do grupo de referencia do alumnado implicado. o 10%<br>• Porcentaxe de mellora do desequilibrio dos resultados académicos entre nenos e nenas-. o 10%<br>• Porcentaxe de mellora dos resultados académicos da avaliación de xuño respecto da 1ª avaliación.o 10%<br>• Porcentaxe de mellora dos resultados académicos do alumnado implicado respecto do seu grupo de referencia. o 10%<br>• Porcentaxe de mellora dos resultados de participación en premios á excelencia. o 5%<br>• Porcentaxe de mellora dos resultados do alumnado participante nas competencias clave traballadas. o 20%<br>o Proxección do centro na comunidade educativa, na cidade, na Comunidade Autónoma de Galicia e no estranxeiro. | | |
| **Responsables** | Suárez Quintas, Soraya do dep. de Lingua e literatura Galega. | | |
| **Actividades** | I. Semana da Música. | | |

| Liña de actuación: 7. Mellora do nivel de coñecemento para acadar a excelencia. | |
|---|---|
| | III. SEMGal. |

| Liña de actuación: 8. Mellora da calidade na xestión dos centros. | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Mellora da calidade na xestión dos centros. | | |
| **Obxectivos** | i. Consolidar o carné escolar unificado para o uso por parte do alumnado transportado, uso do servizo de biblioteca, préstamo de material didáctico e acceso a descontos ou vantaxes por ser estudante.<br>ii. Consolidar o carné escolar para o profesorado coa intención de cumprir a normativa vixente de identificación, autoridade pública e acceso a museos.<br>iii. Normalizar e adaptar os procesos, procedementos e documentos do centro coa normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia, entre outros:<br>1. Curso 2017/18 ⍰ Proxecto lingüístico de centro (PLC) e Proxecto de educación dixital (PED).<br>2. Curso 2018/19 ⍰ Plan anual de lectura (PAL) e Plan de autoprotección (PA).<br>3. Curso 2019/20 ⍰ Normas de organización e funcionamento (NOF) e Plan de convivencia (PC).<br>4. Curso 2020/21 ⍰ Programación xeral anual (PXA) e Proxecto educativo (PE).<br>iv. Consolidar elementos de identidade corporativa no eido do centro, tanto interior coma exterior.<br>v. Dinamizar o uso da web corporativa do centro, coa implementación da galería de imaxes e a aula virtual | | |
| **Cursos implicados** | O 100% de alumnado. | | |
| **Temporalización** | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | • Porcentaxe de aumento do número de protocolos para a organización do centro. o 10%<br>o A calidade e practicidade do carné escolar de alumnado e de profesorado a utilizar.<br>o A normalización nos documentos electrónicos e en papel.<br>o A mellora da imaxe corporativa do centro. | | |
| **Responsables** | Pérez Mestre, Juan Carlos (Dep. De Música) | | |
| **Actividades** | • Elaboración, deseño e impresión do carné escolar unificado de alumnado e de profesorado. Utilizaranse materiais durables tipo tarxeta plástica e con sistemas de veracidade.<br>• Protocolización de al menos 10 procesos e/ou procedementos, tanto en papel coma en dixital. No caso do papel, con sistemas autocalcantes, no caso do dixital, con formularios online.<br>• Reelaboración de, cando menos, 2 proxectos de centro por curso escolar.<br>• Instalación de elementos corporativos que melloren a imaxe do centro tanto nas distintas dependencias coma no contorno do mesmo. | | |

| **Liña de actuación: 8. Mellora da calidade na xestión dos centros.** | |
|---|---|
| | • Posta a punto da web corporativa, da galería de imaxes e da aula virtual. Elaboración de enquisas online de uso das TIC, do proxecto Abalar e do proceso educativo e organizativo. |

| **Liña de actuación: 9. Promoción da actividade física en horario lectivo.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Promoción da actividade física en horario lectivo. | | |
| **Obxectivos** | i. Incrementar o tempo de actividade física do alumnado.<br>ii. Adquirir hábitos de vida a través da práctica deportiva e da actividade física.<br>iii. Valorar a actividade física como xeradora de benestar e boa saúde e o medio como lugar ideal para a actividade física.<br>iv. Respectar as normas establecidas, normas de xogo, normas da actividade... ao mesmo tempo que aos demais e a súa contribución á actividade, resolvendo as diferenzas a través do diálogo.<br>v. Coñecer novas actividades físicas para encher o tempo de ocio, potenciando o uso da bicicleta como medio de transporte e de facer deporte entre a xuventude. | | |
| **Cursos implicados** | O 100% de alumnado. | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | • Número de accións encamiñadas a favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro. (Obrigatorio) o 5.<br>• Número de accións encamiñadas a implantar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe que permitan compatibilizar a práctica de actividade física co desenvolvemento das sesións lectivas. o 5.<br>• Porcentaxe de incremento do cómputo total de actividade física efectiva do alumnado ao longo do día, dentro do horario lectivo. o 10%<br>• Porcentaxe de mellora de hábitos saudables. o 10% | | |
| **Responsables** | Ricoy Bugarín, José Antonio do dep. de Educación física. | | |
| **Actividades** | • Actividade física nos períodos de lecer.<br>o Durante os dous períodos de lecer estes últimos anos víñanse organizando torneos de distintos deportes onde participaba libremente unha parte importante do alumnado. Este ano o protocolo antiCOVID non permite a realización destas actividades con "normalidade". Estamos programando variacións dos deportes tradicionais para ver a posibilidade de poder practicalos mantendo a distancia de seguridade e ademais non tocando coas mans o implemento compartido.<br>• Promoción do uso da bicicleta.<br>o Esta actividade está prevista para a primavera, contando daquela con bo tempo que permita facela ao aire libre. Os últimos anos a actividade "Día da bicicleta" realizabámola en colaboración coa asociación "Pedaladas" dentro da súa campaña de difusión do uso da bicicleta como medio de transporte da mocidade. Esta actividade está pendente de encaixala á nova normalidade. | | |

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal
www.iesaxunqueira2.com

| Liña de actuación: 9. Promoción da actividade física en horario lectivo. | |
|---|---|
| | • Cross de Nadal.<br>o Competición onde participa a maioría do alumnado e onde compiten contra o outro centro de secundaria que ese atopa nas proximidade. Este ano, e polo momento, non parece factible a súa convocatoria, pero confiamos en que a situación sanitaria remita e coas pertinentes adaptacións se poida levar a cabo.<br>• Introdución de actividades de sendereismo na contorna do centro.<br>o Dado que temos autorizada un reforzo da materia de educación físca como materia de libre configuración de centro, a través dela e, tamén das sesións da propia materia de EF, temos programadas saídas periódicas para facer sendeirismo. Esta iniciativa pretende potenciar as clases ao aire libre e suplir a imposibilidade de impartir moitos dos contidos tradicionais desta materia.<br>• Introdución de xogos no medio natural.<br>o Dentro das actividades programadas para facer no entorno natural que rodea ao centro, ademais do sendeirismo, temos previsto a práctica de xogos propios do medio natural, moitos deles no esquecemento, pero agora debido a necesidade de dar preferencia as actividades ao aire libre queremos recuperarla.<br>• Milla saudable.<br>o Durante os períodos de lecer, cada día un curso sairá á contorna para dar un paseo de unha hora acompañados dun profesor, mentres van merendando. Desta maneira desconxestionamos o patio con menos alumnos e evitamos que teñan que comer durante o comezo da clase seguinte.<br>• Deporte Escolar.<br>o Parece lóxico pensar que o Deporte Escolar este curso non vai ter lugar tal e como o tiñamos deseñado, pero deixamos aberta a posibilidade de que para o segundo ou terceiro trimestres as circunstancias cambien e o alumnado poida gozar do deporte neste tipo de competicións. É posible que dado que este curso, que non se poida facer, o suplan por outra actividade enfocada á organización de actividades físicas entre o alumnado, nese caso sería a nosa intención participar, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento deste programa. |

# 22. Outros plans e proxectos nos que participa o centro.

- Club de Letras (desde o curso 2020/21)
- Iniciativa ARCO (desde o curso 2019/20).
- STEMBAch (desde o curso 2019/20).


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 2021

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal
www.iesaxunqueira2.com

- Espazo maker (desde o curso 2018/19).
- Club de ciencia (desde o curso 2017/18).
- Equipo de dinamización da lingua galega (EDLG), que dende o seu inicio, achéganos a lingua nosa como habitual e necesaria para o día a día.
- Proxecto SEMGal (desde o curso 2016/17), que versa sobre a implementación do traballo coloaborativo e o uso de currículo enriquecido, en colaboración coa Fundación Barrié, a Unidade de Altas Capacidades da Universidade de Santiago de Compostela e o departamento de Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

## 23. Plan de utilización das instalacións do centro.

- Actualmente dispoñemos de un impreso de solicitude, dispoñible en www.iesaxunqueira2.com > PROFES/PAS > Trámites e impresos > PAS.

| **Instalación: 2 aulas para clases extraescolares.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Entidade que a usa** | ANPA Helenes | | |
| **Participan membros da comunidade educativa** | ☒ Alumnos | ☒ Pais | ☐ PAS |
| **Horario de uso** | Logo da finalización das clases e até as 21h, todo o curso. | | |

| **Instalación: 2 aulas para clases extraescolares.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Entidade que a usa** | Alianza Francesa de Vigo, probas DELF A2, B1 e B2 2020. | | |
| **Participan membros da comunidade educativa** | ☒ Alumnos | ☐ Pais | ☐ PAS |
| **Horario de uso** | Logo da finalización das clases e até as 19h, outubro 2020 | | |

## 24. Plan Xeral de Avaliación do Centro. (PXAC)




As rateos para este curso son as seguintes:

| | | |
|---|---|---|
| 1º da ESO → 24 alumnos. | 3º da ESO → 22 alumnos. | 1º de bacharelato → 29,8 alumnos. |
| 2º da ESO → 20 alumnos. | 4º da ESO → 19,8 alumnos. | 2º de bacharelato → 24 alumnos. |

As estatísticas de resultados dos últimos cursos académicos son as seguintes.


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 2021

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal
www.iesaxunqueira2.com


| ABAU - PAU | 2019/20 | 2018/19 | 2017/18 | 2016/17 | 2015/16 | 2014/15 | 2013/14 | 2012/13 | 2011/12 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Av. ordinaria | | 96% | 96% | 90% | 91% | 95% | 91% | 87% | 93% |
| Av. extraordinaria | | 13% | 0% | 75% | 73% | 100% | 73% | 80% | 78% |

| Avaliación ordinaria | 2019/20 | 2018/19 | 2017/18 | 2016/17 | 2015/16 |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º da ESO | 82% | 48% | 52% | 63% | 51% |
| 2º da ESO | 69% | 49% | 52% | 47% | 34% |
| 3º da ESO | 67% | 58% | 38% | 54% | 51% |
| 4º da ESO | 72% | 38% | 41% | 61% | 56% |
| 1º de bacharelato | 72% | 55% | 51% | 55% | 44% |
| 2º de bacharelato | 78% | 80% | 62% | 67% | 63% |

| 2º trimestre | 2019/20 | 2018/19 | 2017/18 | 2016/17 | 2015/16 | 2014/15 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º da ESO | 51% | 33% | 39% | 46% | 33% | 29% |
| 2º da ESO | 36% | 38% | 38% | 38% | 22% | 32% |
| 3º da ESO | 24% | 40% | 25% | 26% | 37% | 17% |
| 4º da ESO | 38% | 21% | 30% | 37% | 36% | 34% |
| 1º de bacharelato | 23% | 29% | 28% | 39% | 26% | 22% |
| 2º de bacharelato | 34% | 45% | 35% | 19% | 20% | 37% |

| 1º trimestre | 2019/20 | 2018/19 | 2017/18 | 2016/17 | 2015/16 | 2014/15 | 2013/14 | 2012/13 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º da ESO | 55% | 37% | 44% | 52% | 30% | 30% | 26% | 34% |
| 2º da ESO | 35% | 30% | 44% | 29% | 17% | 30% | 23% | 32% |
| 3º da ESO | 20% | 42% | 18% | 24% | 34% | 21% | 21% | 13% |
| 4º da ESO | 35% | 21% | 33% | 38% | 33% | 36% | 19% | 37% |
| 1º de bacharelato | 22% | 27% | 40% | 34% | 26% | 17% | 27% | 27% |
| 2º de bacharelato | 27% | 36% | 30% | 18% | 16% | 28% | 29% | 21% |

| Avaliación dos resultados académicos | | | |
|---|---|---|---|
| Medidas | Análise dos resultados do alumnado nos órganos do centro | | |
| Órganos encargados | ☒ CCP | ☒ Claustro | ☒ Consello escolar |
| Materais e/ou recursos | Folla de cálculo realizada por nós. | | |
| Temporalización | | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |

| Avaliación da práctica docente | | | |
|---|---|---|---|
| Medidas | Realización de enquisa por parte dos departamentos | | |
| Órganos encargados | ☐ CCP | ☒ Claustro | ☐ Consello escolar |
| Materais e/ou recursos | Táboas de autovaliación | | |
| Temporalización | | | |
| | 1º T ☐ | 2º T ☐ | 3º T ☒ |

| Avaliación da relación coa comunidade educativa | | | |
|---|---|---|---|
| Medidas | **Recollida de suxestións por parte da comunidade educativa** | | |
| Órganos encargados | ☐ CCP | ☐ Claustro | ☒ Consello escolar |
| Materais e/ou recursos | Buzón de suxestións na web do centro | | |
| Temporalización | | | |

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal
www.iesaxunqueira2.com


| Avaliación da relación coa comunidade educativa | | |
|---|---|---|
| 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |

## 25. Seguimento deste documento.

| Seguimento | Datas |
|---|---|
| **Aprobación polo claustro.** | 22 de setembro de 2020. |
| **Aprobación polo consello escolar.** | 27 de outubro de 2020. |
| **Remisión á Inspección educativa.** | 27 de outubro de 2020. |
| **Elaboración anual** | Setembro e/ou outubro. |


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 2021